

Escolma de poemas de Velimir Jlébnikov

Maria SOKOLOVA



Velimir Jlébnikov. Autorretrato

Velimir Jlébnikov, ou tamén moitas veces escrito Khebnikov¹, pronúnciase /vɨlʲɪrʲ ˈmʲɪr ˈxlʲɛbnʲɪkəf/. Ese é o seu pseudónimo máis coñecido e o seu nome real é Víktor Vladímirovich Jlébnikov. Naceu en Málye Derbety, naquela época en Óblast de Astracán o 28 de outubro (9 de novembro²) de 1885 e morreu en Santálovo, Óblast de Nóvgorod, o 28 de xuño de 1922.

É un poeta futurista ruso, desgraciadamente non moi coñecido nin no seu país nin no estranxeiro, aínda que a súa importancia para a poesía rusa e internacional é notable. O propio autor, que non era moi amante dos estranxeirismos, escolleu como pseudónimo a versión antiga do nome Vladimiro, que combina co seu apelido Jlebnikov, procedente da palabra *jleb* ('pan' en ruso); para o pobo ruso a palabra e o pan en si ten un peso cultural. Así conseguiu transmitir un simbolismo forte a través do seu nome artístico.

Entre os trazos que caracterizan a creatividade Khlebnikov, principalmente pódese salientar a orixinalidade de estilo. Exprésao cun vocabulario inusual sobre todo na súa obra temprana, cunha gran cantidade de invención de palabras propias e de neoloxismos. Transgrede con frecuencia e deliberadamente as regras da sintaxe, o uso activo dos tropos como a personificación, o pleonasmo ou a prosopopea³. No que atinxe á creación de palabras do poeta, hai varios puntos de vista ao respecto. Roman Jakobson escribiu que a palabra na poesía de Khlebnikov perde a obxectividade, mesmo na forma interna, como na externa. Vladimir Mayakovsky escribiu que Khlebnikov creou un sistema periódico da palabra. Tomando a palabra con formas descoñecidas non desenvolvidas, comparouna coa palabra desenvolvida e demostrou a necesidade e a inelutabilidade da aparición de novas palabras⁴.

¹ Esta grafía provén das traducións francesas.

² Esta diferenza de datas vén motivada polo uso doutro calendario, o gregoriano.

³ Р. Вроон. Хлебников и Платонов: предварительные заметки у Н. Арлаускайте. Филологическая мистагогия: нить Велимира Хлебникова.

⁴ Маяковский, Владимир Владимирович. В. В. Хлебников (статья-некролог).

(1912, 1922)

Мне мало надо!
Краюшку хлеба
И каплю молока.
Да это небо,
Да эти облака!

Necesito pouco!
Un codelo de pan
E unha gota de leite.
E este ceo,
E estas nubes!

(1922)

Солнца лучи в черном глазу
У быка
И на крыле синей мухи,
Свадебной капли чертой
Мелькнувшей над ним

Os raios do sol nun ollo negro
Do touro
E nas ás da mosca azul
A liña da gota nupcial
Pasou como un raio sobre el.

(1908-1909)

Бобэоби пелись губы,
Вээоми пелись взоры,
Пиээо пелись брови,
Лиэээй - пелся облик,
Гзи-гзи-гээо пелась цепь.
Так на холсте каких-то соответствий
Вне протяжения жило Лицо.

Bobehoubi, cantaban os labios,
Vehehomi, cantaban as miradas,
Piehehou, cantaban as cellas,
Liehehey, cantaba o rostro,
Gzi- Gzi -gzeou, cantaba a cadea.
Polo tanto, nun lenzo dalgunhas
correspondencias
Máis alá da dimensión viviu unha Cara.

(1908)

Из мешка
На пол рассыпались вещи.
И я думаю,
Что мир —
Только усмешка,
Что теплится
На устах повешенного

O saco
ao chan espárexéronse cousas
E penso,
Que o mundo
É só unha burla,
Que se apaga
Nos labios do aforcado